



## EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1  
Tfnos.: 986 570165/570030  
Fax: 986 570233

### ACTA DE CELEBRACIÓN DE PROBAS

Nas piscinas municipais do Excmo. Concello de A Estrada, sendo as 10:00 horas do día 08.06.12, reúnese, aos efectos de celebrar os exercizos prácticos, o Tribunal que xulga o proceso selectivo de **1 socorrista para as piscinas municipais** ( relación laboral de duración determinada - do 15.06.12 ao 23.09.12- ), constituído polos seguintes funcionarios de carreira municipais, en aplicación das Bases reitoras da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia, e publicadas en prensa e *web* municipal, así como insertadas no Taboleiro Municipal de Anuncios e Editos:

Presidente:	D. Rogelio Antonio Carrera Ares.	Titular
Vogais:	D. Javier Comesaña Pereira.	Titular
	Dna. Rosa Méndez Aragunde	Suplente
	Dna. Mónica Neira Mato	Suplente
Secretaría:	D. María Jesús Fernández Bascuas	Titular

O Tribunal está asistido polo Asesor especialista en socorrismo, D. Manuel García Freire ( Licenciado en INEF, Doutor universitario e Socorrista profesional ), que está presente na celebración das probas prácticas, e que cualifica a todos os aspirantes como " aptos " , de acordo coa seguinte orde de puntuación, tra-la realización valorada dos exercizos que se anexan individualmente a ese acta:

Cimadevila Louzao, Diego.....apto ( 9 puntos )  
Sueiro Mosquera, Rubén.....apto ( 8 puntos )  
Teo País, Ángel.....apto ( 5 puntos )  
Abonjo Bouzas, Jorge.....apto ( 5 puntos )

Non se celebrou a proba de coñecemento en lingua galega ( proba de tradución ) prevista a este efecto nas Bases reitoras da convocatoria, porque todas as aspirantes que superaron os exercizos obrigatorios amosaron o seu coñecemento, ben mediante a achega coa súa instancia do pertinente certificado CELGA ou equivalente; ben porque realizaron o exercizo en lingua galega.

Finalmente, por unanimidade, o Tribunal propón ao Sr. Alcalde- Presidente, a contratación do aspirante que obtivo superior puntuación entre os que superaron todos os exercizos: **Diego Cimadevila Louzao**.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, e dando por rematado o cometido do Tribunal, asinan a presente, en proba de conformidade, en igual data e lugar:

Dna. Rosa Méndez Aragunde

Dna. Mónica Neira Mato

D. Javier Comesaña Pereira.

Dna. Mª Jesús Fernández Bascuas

D. Rogelio Antonio Carrera Ares.

D. Manuel García Freire

